

autismoGALICIA

POLITICA
DE ENTIDADES
COLABORADORAS
E DOANTES

Federación AUTISMO GALICIA

AG

DATA DE APROBACIÓN: 13/12/2021

ORGANO DE APROBACIÓN: Xunta Directiva

PROPÓSITO

O propósito desta política é establecer uns criterios reguladores da colaboración da Federación Autismo Galicia con empresas, entidades colaboradoras e doantes, constituíndo unha garantía de cumprimento normativo e de estar en liña coa misión e valores da Federación.

A Federación Autismo Galicia ten como misión contribuír a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.

A Federación dispón dunha declaración de valores que guían a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman. Na formulación destes valores se recollen o conxunto de conviccións e opcións fundamentais que manifestan a identidade da Federación e que xeran unha cultura institucional propia.

Na realización da súa actividade a organización actúa e as persoas condúcense coherentemente cos seguintes valores:

Valores éticos

AUTISMO GALICIA desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cos seguintes referentes:

- As persoas con TEA son cidadáns activas, suxeitas de pleno dereito.
- AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.
- AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organizacións que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.
- AUTISMO GALICIA condúcese nas súas decisións en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.

Valores de xestión

AUTISMO GALICIA promove e condúcese na súa xestión atendendo aos seguintes referentes:

- Autorrepresentación das persoas con TEA.

- Participación de persoas e entidades
- Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.
- Transparencia.
- Cohesión asociativa.
- Mellora continua.
- Substentabilidade

PRINCIPIOS XERAIS

- Coherencia cos criterios éticos, principios e valores da Federación Autismo Galicia.
- Excelencia: as actuacións de colaboración se realizarán con rigor e eficiencia na aplicación de recursos.
- Transparencia: tanto nas relacións establecidas como na difusión da presente política.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta política se aplicará a cantas empresas, entidades colaboradoras ou donantes manteñan colaboración ou realicen aportacións á Federación ou entidades federadas cando a federación actúe como parte intermediaria, independentemente do tipo de relación e forma.

FORMAS DE COLABORACIÓN:

- Convenios de colaboración
- Doazóns:
 - En metálico mediante transferencia, efectivo ou calquera outro medio de pagamento.
 - En especie. Entregas ou cesión de activos.

PRINCIPIOS BÁSICOS

Empresas e entidades colaboradoras:

Tódalas empresas e entidades colaboradoras deberán cumprir os seguintes criterios:

- Respetar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- Respetar as normas internacionais de traballo.
- Serán respectuosas co medio ambiente.
- Cumprirán a lexislación e normativa do país onde desenvolvan a súa actividade e lexislación internacional.
- Respetar a dignidade das persoas con discapacidade e nas que se constate a ausencia de condutas excluíntes ou discriminatorias coas persoas con discapacidade.

Se valorará positivamente que as empresas e entidades colaboradoras:

- Avogar pola loita contra o traballo infantil.
- Promover un desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente.
- Promover durante o desenvolvemento das súas actividades principios como os seguintes:
 - ⇒ Eficacia da axuda.
 - ⇒ Promoción do enfoque asociativo.
 - ⇒ Xestión por resultados.
 - ⇒ Redución da pobreza.
 - ⇒ Igualdade de xénero.
 - ⇒ Protección do medio ambiente.
 - ⇒ Promoción dos ODS.
 - ⇒ Boa gobernanza.
 - ⇒ Transparencia.

Non se colaborará con empresas ou entidades que:

- Estean incursas en procedementos penais.
- Fabriquen, promovan e/ou potencien produtos tabacaleros, e/ou armamentísticos.
- Xeren exclusión social ou que non cumpran coas leis de integración.
- Promovan ou sosteñan calquera tipo de discriminación por motivos de raza, sexo, identidade de xénero, identidade sexual, orientación sexual, orixe, relixión, idade, etnia, nacionalidade e/ ou procedencia.

- Promovan ou sosteñan calquera tipo de discriminación por motivo de discapacidade.
- Realicen ou aproben actos de violencia física, sexual ou psicolóxica contra calquera colectivo ou persoa.
- Potencien ou promocionen prácticas que atenten contra a dignidade humana a súa integridade e/ou seguridade.
- Teñan sido partícipes, para o seu beneficio ou enriquecemento, de delitos de malversación, tráfico de influencias ou calquera delito de corrupción.
- Estean relacionadas con actividades de branqueo de capitais ou financiación do terrorismo

PROCEDIMENTO DE COLABORACIÓNS:

Para poder asegurar que as entidades respecten os principios e traballen na súa implemetación a Federación Autismo Galicia realizará unha busca activa de información sobre as mesmas, a través do equipo encargado de establecer e manter as relacións co colaborador ou donante e serán utilizadas cantas ferramentas estean ao seu alcance (website, reportes corporativos anuais, informes anuais de actividades e estados contables, organismos especializados, etc).

O resultado das comprobacións, dilixentes e completas, se plasmarán nunha ficha onde se especificarán os datos relativos á organización colaboradora que servirá de base para a aprobación da colaboración polo Órgano de Goberno ou Dirección da Federación.

Todos os acordos con empresas formalizaranse en convenios nos que figure por escrito o obxecto da colaboración e as cláusulas da mesma.

Salvo acordo mutuo expreso entre as partes non se cederá á empresa o uso do logotipo da entidade. No caso de que exista cesión de logo, figurará por escrito e non será confidencial.

Todos os acordos de colaboración con empresas para proxectos plurianuais, deberán ser aprobados polo órgano de goberno.

Os acordos de colaboración con empresas para o financiamento de proxectos serán públicos e reflectiranse nas accións de comunicación da Federación Autismo Galicia.

PROCEDIMIENTO DE DOAZÓNS:

Política de aceptación de Doazóns por particulares, cando se realicen por medio de transferencia ou en metálico, así como a doazón de bens.

1º) A Federación identificará e comprobará a identidade de todas as persoas que acheguen a título gratuito fondos ou recursos superiores a 100€, por calquera método de pago.

2º) Cando as doazóns se fagan en metálico, seguirase o procedemento de control de caixa, onde se especificará o ingreso como donativo para o seu control e reflexo en contabilidade. Si a persoa que recibe o donativo é dunha área operativa da Federación asinará o Parte de Caixa e no Departamento de Administración e Finanzas revisarase e se asinará pola Responsable do Departamento con responsabilidade na área Económico Financeira.

3º) Cando as doazóns se efectúan por transferencia bancaria en concepto de donativo, en todo caso, quedará reflectido nos rexistros contables da entidade, identificando a titular orixe da mesma. Se o apuntamento en conta bancaria procede dun ingreso en efectivo atenderase á norma reguladora para Entidades Financeiras. En todo caso, velarase para que a Federación non sexa utilizada para o branqueo de capitais ou para canalizar fondos ou recursos ás persoas ou entidades vinculadas a grupos ou organizacións terroristas.

4º) Cando se trate de doazóns en especies, como bens de equipamento, mobiliario, ... deberase presentar unha proposta de doazón por escrito na cal se inclúa unha descrición da doazón, constancia da súa propiedade se procede, descrición do artigo e a súa intención de transferir a propiedade á Federación, así como unha valoración se dispón dela. Segundo o tipo de doazón e ben se estudará a disposición e capacidade do doante para sufragar os gastos de embalaxe, envío e seguridade durante o transporte e os custos relacionados coa transferencia dos obxectos.

5º) As doazóns de bens raíces, como terras, terreos, edificios, pisos locais, será a Xunta Directiva a que aproba a aceptación. Para que se considere aceptable toda doazón de bens raíces debe cumprir as seguintes condicións:

- Ter valor suficiente para permitir que a Federación obteña, en última instancia, un beneficio significativo, considerando que incorrese en gastos administrativos e xenerais ao aceptar a propiedade.
- Ser facilmente vendible a un prezo igual ou aproximado ao valor taxado da doazón ou estar libre de gravame, hipoteca ou calquera outra condición especial

que puidese obrigar á Federación para sufragar gastos, correr riscos ou pagar débedas adicionais.

Antes de considerar a aceptación dunha doazón de bens raíces requirirase os seguintes documentos:

- Título de propiedade co nome do doante ou taxación efectuada por profesional cualificado.
- Estar ao día nas obrigacións tributarias ou non incumprir normas urbanísticas, ambientais e aquelas normativas que lle afecten pola súa natureza.

6º) En canto ao rexistro contable das doazóns, recoñeceranse na conta de resultados ou no balance seguindo as normas de rexistro e valoración contables de aplicación as entidade sen fins lucrativos en cada momento

REQUISITOS DE APLICACIÓN DE LA POLÍTICA

Anualmente, xunto coa documentación que se someta á aprobación da Asemblea Xeral se incluírá un informe acerca do grado de cumprimento desta Política, citando expresamente si se teñen producido no ano algún cumprimento das súas normas.

Esta Política foi aprobada na reunión de Xunta Directiva do día 13 de decembro de 2021

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

